




**DESCUBRIR NUEVOS HORIZONTES,
ABORDAR NUEVOS RETOS,
NOS HA AYUDADO A LLEGAR MUY LEJOS**

Jealsa, cuyo 50º aniversario hemos celebrado recientemente, es una empresa firmemente consolidada que cuenta en la actualidad con más de 3.000 empleados y engloba a 21 sociedades repartidas en las siguientes áreas de actividad: **conservas, pesca, medioambiente y energía.**

Todo ello, ha permitido a Jealsa tener una importantísima presencia industrial y comercial en Europa, América y África.

Carlos Abaira e o legado de cadros de Castelao para o Museo de Pontevedra



Coñecín o doutor Carlos Abaira a través da profesión, el dedícase á endocrinoloxía, e dentro dela aos estudos sobre a diabeto, e eu a endocrinoloxía pediátrica. É ademais profesor de Medicina na Universidade de Miami Miller School Of Medicine. Dáse a casualidade de que, a partir dun contacto científico, xurdiu unha carta súa que me levou a conectar con Ramón Piñeiro precisamente (ver recadro). Xa xamais perdín o contacto co doutor Abaira dende aquela e foi así como fun sabendo máis cousas en relación coa súa persoa e a súa profunda vinculación con Galicia.

Manuel POMBO

–Doutor Carlos Abaira, naciches na Arxentina, fillo de pais galegos. ¿Supoño que iso representou algo de moita significación na túa vida e que foi o que te levou a significarte en tal sentido?

–Eu fun galeguista dende os 17 anos, cando fun Segretario das Mocidades Galeguistas, en Bos Aires, filial da Irmandade Galega. Meu pai, José Benito Abaira, xa era galeguista e, ademais, foi testamenteiro de Castelao. Entre outras cousas ei de dicir que formou parte dun grupo de donantes, entre os que se encontraban Manuel Puente, Rodolfo Prada, Perfecto López –que era concesionario da Ford na Arxentina–, tamén Claudio Fernández

–que era concesionario da Chevrolet na Arxentina–, e dende logo meu pai, quen era o encargado de manter as contas e darlle os cartos a Castelao, xa que todos eles mantiñan os Castelao, Alfonso e Virxinia, nun apartamento da Avenida Belgrano, preto do Centro Galego, un lugar que podía dicir era realmente un barrio galego. Cando Castelao morreu, seguiron facéndose cargo do sustento económico da dona Virxinia, até que faleceu en 1969, mais daquela xa somentes meu pai, Prada, Puente e Perfecto López, non sei se Claudio Fernández. Meu pai ocupouse sempre de dona Virxinia e ela sempre viña á nosa casa de Fraga 556,

repetidamente, en canto visitaba a tumba de Castelao, que era semanalmente.

—*¿Que recordos gardas de teu pai e doutra xente que traballaron en prol do galego e da cultura galega por aqueles tempos?*

—Meu pai foi vogal do Centro Gallego, nos anos 1954-1956. Por aquela época o Manuel Fraga, que daquela era presidente do Instituto de Cultura Hispánica, veu á Arxentina e no Centro cambiou unhas palabras co meu pai (O Fraga era de Vilalba e meu pai era de Meira, ambos da provincia de Lugo) onde, por certo, dixeron varios ditos acerca da coñecida rivalidade de Meira e Vilalba. Dende logo Fraga é un perfecto falante de galego, como o demostrou cando aparecía na *TV galega* tratando de calquera materia.

O orgao das Mocidades, “Adiante”, tiña un director que era arxentino, Denis Conles Tizado, quen se criara precisamente nunha casa onde somentes se falaba galego. Este home morreu en 2003, dun ataque cardíaco, estivo preso cando a ditadura de 1976 a 1983, vivía en Córdoba, moita xente foi asasinada diante seu, en cando se queixaban ou choraban. Penso que nalgún momento foi sometido a un fusilamento finxido.

Daquela, Bieito Cupeiro (faleceu en 1993, era moi louro) viña a falarnos todos os sábados primeiro no local da Irmandade, no Centro Orensano, e logo no ABC de Corcubión, onde nos xuntábamos as Mocidades. Alonxeime un pouco dise grupo cando entrei na Facultade de Medicina na Universidade de Bos Aires; mais no 1954-1955 aínda ía moito aos actos que organizaban.

—*¿Que representou a figura de Castelao para o teu pai?*

—Castelao foi o acontecer máis importante da vida de meu pai durante os 10 anos que estivo na Arxentina, —salvo cun ínterim en París, arredor de 6 meses— e que foi cando o goberno de Giral da República Española nomeou a Castelao ministro. Penso que tamén estiveron nas Cortes Republicanas na Cidade de México, pero iso foi moi pouco tempo. Aquel goberno no exilio o formaban Castelao —polo partido Galeguista—; Alonso Ríos —polo Partido Agrario—; Elpidio Villaverde —polo partido Izquierda Republicana— e Ramón Suárez Picallo —daquela residente en Chile, polo partido Galeguista. Estes constituíron o Consello de Galiza, coa xuntanza máis tarde de Alfredo Somoza, que morreu en Montevideo, de Izquierda Republicana. Eventualmente Ramón Suárez Picallo veu permanentemente a Bos Aires, arredor de 1956, cando foi delegado de Chile, ao Congreso da Emigración Galega. Eu falaba moito con el, e tiñamos unha amizade profunda. Morreu en 1964, e os seus restos foron trasladados a Sada.

—*Por certo, teu pai deixouche encomendado que fixeras entrega ao Museo de Pontevedra, no momento que estimes oportuno, duns cadros de Castelao?*

“Castelao foi o acontecer máis importante da vida de meu pai durante os 10 anos que estivo na Arxentina, e que foi cando o goberno de Giral da República Española nomeou a Castelao ministro”

—En efecto, así é, e cumpriremos coa vontade do meu pai. Penso facelo no ano 2011 a máis tardar.

—*¿Cales foron as túas relacións coa Galicia ao longo de todos estes anos?*

—Estiven na Galiza en 1969, daquela falei moito con Ramón Piñeiro. O representante de Meliá en Chicago, que era galego, e nunca vendera unha pasaxe para Santiago ata que lle aparecín eu, concedeume a regalía de 2 días no Hostal dos Reis Católicos, de alí visitei a miña familia en Meira; e 2 días máis no Meliá Madrid (onde me xuntei coa miña muller, Rosa, que é Psiquiatra); a miña muller é nada en Bos Aires, na vida profesional sempre utilizara o nome Dr. Rosa Abaira —o apelativo orixinal é Saffier. Coñecémonos na Facultade de Medicina na Universidade de Bos Aires. Logo volví a Galicia en diferentes ocasións, anos 1973, 1976, 1978, 1983 e 1988, xa coa miña muller, e sempre visitabamos a nosa familia en Meira e tamén falabamos moito con Ramón Piñeiro, sempre en Santiago. Morreu en 1990, e estrañeino moito nas miñas posteriores visitas a Santiago, xa que viaxei a Portugal no 1991, e logo no 1994, e dende alí pasei a Santiago e, por suposto, tamén visitamos a miña curmá-irmá en Meira, Inés Fernández Abaira de Penedo, filla dunha irmá do meu pai, que quedou na casa en Meira. En 1991 aínda vivía a irmá de meu pai, quen xa sabía que José Benito morrera en 1987.

A derradeira vez que eu estiven en Santiago —e en Meira— foi en setembro do 2004 con motivo dun acto de homenaxe a meu pai, coincidindo co centenario do seu nacemento, que foi levado a cabo pola Sociedade da Lingua Galega, que tivo lugar primeiro na Galería Sargadelos en Santiago e despois en Meira. En ambos participaron o Presidente da Sociedade, o Profesor Bernardo Penabade e unha rapaza, María Lugilde. Certamente unha profesora de Filosofía en Santiago explicou o meu estudo clínico (O Veterinario Estudio de Diabete tipo 2) moito máis claramente que moitas xentes nos EE.UU. Non sei o nome desta profesora. Alí atopei outra vez coa Inés Fernández Abaira de Penedo, a miña curmá-irmá (e ao seu marido, un home sinxelo e moi outo, quen traballa de construtor).

—*¿Que representou na túa experiencia o Centro Galego de Bos Aires?*

—Recordo moi especialmente as Xornadas Galegas que tiñan lugar no Centro Galego, para min era unha festa. Seguinas nos anos da Facultade de Medicina na Universidade de Bos Aires, non perdía unha conferencia, que xeralmente as daban en galego. Somentes excepcionalmente algún médico arxentino as daban

“Eu penso que a lingua galega ten que ser o xerme arredor do cal ten que se desenvolver a cultura galega. É simplemente un elemento vital do ser galego”

Unha nota persoal

Ramón Piñeiro foi un home dunha intelixencia prodixiosa, de esas que dan as aldeas de Galicia de cando en vez, e do que emanaba unha gran bondade, o que xunto coa a súa maneira de vestir tendente o emprego da cor negra ou do escuro, particularmente fíxome pensar durante bastante tempo que ben podía tratarse dun crego progresista. Ei de dicir que foi un home que sempre me interesou e do que me fun facendo unha idea a través da prensa o que se sumou bastante máis adiante, xa falecido, o seu libro autobiográfico (co a axuda de Carlos Casares) *Da miña acordanza*. Algo que me chamou sobremaneira a atención foi que alá polo ano 1931 traballara no almacén de don (na miña casa sempre lle deron ese tratamento) Pedro Cortiñas de Sarria (a terra dos meus antergos), a onde tantas veces acudín con meu pai para tratar asuntos relacionados ca compra ou a venda de produtos do campo. A idea que me fixen de don Ramón (outra vez o don, foi o que escoitei sempre no seu caso) era a de un home moi moderado, un defensor das nosas raíces en efecto pero fuxindo sempre das imposicións. Conservo unha carta súa, creo que era moi de iso, de es-

cribir cartas, coa súa letra clara, das de mestre de aldea como eu digo, que leva a data do 30-VI-81. O pe da letra, di así:

“Meu querido amigo:

Agradézolle de veras a xentileza de me enviar copia da carta do Dr. Carlos Abaira no que fai referencia aos amigos que ten en Compostela e, entre eles, a min. Certamente que somos moi amigos, como tamén o son dos seus pais.

Alégrame comprobar que mantén relacións científicas con membros da nosa Facultade de Medicina, pois coido que o intercambio informativo sempre resulta proveitoso para todos.

Tardei en lle escribir estas liñas de agradecemento porque tiveron que facer varios viaxes. De tódolos xeitos, como vivimos na mesma cidade espero -e desexo- que teñamos ocasión de nos coñecer persoalmente en calquera ocasión próxima.

Mentres, reciba unha aperta cordial de Ramón Piñeiro”

Manuel Pombo

en castelán. Os que chegaban da península falaban normalmente en galego. Así o Dr. García Sabell, que chegou en 1953, que despois foi representante do Rei no Goberno Galego. Todas as Xornadas que aconteceron máis, eu me fun en Xullo do 1963, é obvio que mas perdín, pero ao longo da miña vida puideron atopar con xente, como o doutor García Sabell, coido que en 1983, na fábrica de Díaz Pardo en Sargadelos, que tiñan un gran sentimento galego.

Hoxe o Centro Galego sigue igual. Visiteino en xaneiro de 2007, e alí merquei uns libros en galego, entre eles, un do Fernando Iglesias (Tacholas). Había unha biblioteca, que mostraban as últimas novidades de Galiza e unha versión galega do Correo Galego. Certamente había os principais diarios de España, El País, etc., e tamén La voz de Galicia, que a venden en Bos Aires nas principais rúas do Centro da capital. Por certo, coincidindo con esa mesma viaxe, visitei un cruceiro galego en Ushuaia, a cidade máis austral da terra, fronte ao canal de Beagle. Foi doado polos residentes españois en Terra del Fogo –a maioría galegos–, nos anos 1990 ou así. A Xunta de Galiza fixo unhas lendas en galego, e outras en francés e inglés.

–*Faláchesme do Tacholas. ¿Que nos podes dicir dese home?*

–O Tacholas tivo unha presenza moi activa no cine arxentino co filme “La patagonia rebelde” que a vin en Chicago, Illinois, cando eu vivía nun suburbio do Oeste. Coido que fixo moitas películas na Arxentina, quizais 50 ou máis. Certamente penso que visitou a Galiza despois da morte de Franco. Morreu nos anos 1990.

–*¿Crees que Galicia debería lle render unha especial homenaxe a Castelao?*

–Pois si, e penso que unha boa forma de facelo era a de nomear ao Aeroporto de Labacolla simplemente Castelao.


–*¿Que te levou a emigrar aos EE.UU.?*

–En canto a porque me vin aos EE. UU. influíume moito un primo político da miña muller, o Dr. Fernando Carlos Matera, que eventualmente chegou a decano de Medicina, na Universidade de Bos Aires (1984-1986). Daquela ele estaba moi vinculado ao Dr. Gianantonio, xa que xuntos describiron o síndrome “anemia-uremia” que se presentaba frecuentemente nos nenos de Bos Aires. Traballaban os dous xuntos no Hospital de Niños de Bos Aires. O Dr. Matera convenceume que viñera aos EE. UU. porque na Arxentina, ou tiñas diñeiro da túa familia, e polo tanto podías dedicarte ao que quixeras, ou tiñas que vivir da profesión, en cuxo caso terías que dedicarte as consultas. Daquela, un pouco tamén pola miña muller, aínda por entón noiva, que quería moito vir aos EE.UU. Casamos en Bos Aires, e logo de 5 días en Río de Xaneiro, chegamos a Chicago, onde eu fixen unha rotación –mixed medical internship– no Mercy Hospital; e a miña muller fixo unha residencia no Illinois State Psychiatric Institute.

–*¿Que e o que pensas da lingua galega? ¿Como a ves na actualidade?*

–Eu penso que a lingua galega ten que ser o xerme arredor do cal ten que se desenvolver a cultura galega. É simplemente un elemento vital do ser galego. A min alédame moito cando me falan en galego é, ademais, podo dicir que considero unha ledicia falalo. Teño entendido que a maioría dos actos que se celebran en Galicia son en galego, ao menos en Santiago é, no meu coñecemento no parlamento galego as sesións son en galego. Naturalmente que en Meira, Lugo, todo o mundo fala en galego, entre eles por seguro, aínda os gardas civís falaban en galego entre si na vida de Franco. Quizais pode que eu tivera unha visión distinta si eu vivira na Galiza. Isto para quen viviu moitos anos fora de Galiza –somentes unhas visitas de non máis de 15 ou 20 días.





Vellos coma as pedras,
activos coma os ríos,
expertos coma o tempo,
en constante crecemento,
coma as árbores.

Así somos nós,
Os profesionais da auga en Galicia.
Sempre vixiantes,
sempre atentos.

Coidando o noso patrimonio natural
e o medio ambiente.
Da nosa auga, xerme de vida
e fonte inesgotable de riqueza
para todos os pobos da terra.

Aquagest.

Coidamos a auga
para coidar ás persoas.